

**EXPTE: CONTRATO DE SERVIZO DE ROZA DE VÍAS, PISTA E CAMIÑOS
MUNICIPAIS 2024 NO CONCELLO DE TEO POR PROCEDIMENTO ABERTO
SIMPLIFICADO. S-2/2024**

ACTA 2º DA MESA DE CONTRATACIÓN

No Salón de Plenos do Concello de Teo, sendo as 10:50 h. do día 24/05/2024, constitúese a mesa de contratación, para levar a cabo o exame da documentación contida no sobre C “Documentación administrativa e documentación avaliable mediante fómulas”, presentado polos licitadores para adxudicación do contrato arriba referenciado, que queda constituída polos seguintes membros:

Presidenta: Ángel Barreiro Rodríguez, concelleiro delegado de Desenvolvemento industrial e Economía local.

Vogais:

- Virginia Fraga Díaz, secretaria Xeral do concello.
- Mónica Isabel Lado Varela, interventora Xeral do concello.
- Javier Conde Salgado, capataz encargado de Servizos Básicos do Concello.
- María López Álvarez, concelleira do grupo municipal do PXCT.

Secretaria:

Mª Elena Sueiro Fernández, adxunta a Secretaría Xeral do Concello.

Constituída a mesa e estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), e incorpórase o acto “**Subsanación**”, dando comezo ao mesmo e procedéndose ao descifrado e apertura da documentación de subsanación dos sobres C presentados pola seguintes empresas que forn requiridas en sesión de data 20/05/2024:

- . - CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L
- . - MC MAPOCA SL
- . - HERFIGALICIA, S.L

En canto á documentación de subsanación contida nos sobres C, a documentación administrativa dos seguintes licitadores é correcta, polo que a mesa considera que procede **admitir** aos seguintes licitadores:

- . - CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L
- . - MC MAPOCA SL
- . - HERFIGALICIA, S.L

Efectúanse os trámites que establece a Plataforma a fin de que quede reflectida a información que se desprende da subsanación do sobre C.

As ofertas efectuadas polos licitadores son as que seguen:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO SEN IVE
AGROFORESTAL NIETO S.L.	24.919,80
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.	30.024,64
EMDESFOR 2002 S.L.	29.295,72
HERFIGALICIA S.L.	30.886,37
JOGOSA OBRAS Y SERVICIOS S.L.U.	30.836,37
MC MAPOCA S.L.	29.500,00
SANDRA SEOANE ABRALDES	27.500,00
AGROFORESTAL LOIS S.L.	30.423,07

Comeza o **“acto de valoración oferta criterios cuantificables automáticamente”**

Seguidamente, a mesa efectúa os cálculos oportunos de acordo coa cláusula 12 do prego administrativo e dáse conta do resultado da fórmula aplicada, e do que se desprende **a incursión en baixa desproporcionada do seguinte licitador**, ao estar a súa oferta por debaixo do límite fixado para a oferta temeraria, que é 26.255,92 €:

AGROFORESTAL NIETO S.L.

Á vista de todo o anterior, a mesa **ACORDA:**

Primeiro.- Admitir ós licitadores que se relacionan a continuación, por considerar que aportaron a documentación esixida en subsanación:

- . - CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L
- . - MC MAPOCA SL
- . - HERFIGALICIA, S.L

Segundo.- Requirir ao seguinte licitador para que no prazo de **cinco días hábiles**, a contar desde a data da comunicación, xustifique as razóns que lles permiten prestar o servizo nas condicións ofertadas, de acordo coa cláusula 12 do prego de cláusulas administrativas particulares e artigo 149 da LCSP:

AGROFORESTAL NIETO S.L.

En todo caso, rexeitaranse as ofertas se se comproba que son anormalmente baixas porque vulneran o normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Deberá xustificar os medios materiais e persoais que vaia a adscribir ao contrato de acordo co establecido na cláusula 10 de PPT, xustificando en todo caso o cumprimento do pago de salarios segundo os convenios colectivos aplicables, e xustificar as baixas que se producen de acordo cas descomposición de prezos recollidos na cláusula 11 do PPT do contrato.

Sendo as 11:25 horas suspéndese a sesión á espera da xustificación da baixa, estendéndose a presente acta que asina a secretaria da mesa co visto e prace do Sr. Presidente.

O presidente
Ángel Barreiro Rodríguez

A secretaria da mesa
M^a Elena Sueiro Fernández.